



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

RESOLUCIÓN

ASUNTO: Contratación auxiliar Servizo de Axuda no Fogar

EXPEDIENTE: 2026/G003/000168

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o 28/04/2026, aprobou as as bases propostas pola Alcaldía acctal. en data 27/04/2026 para a creación dunha bolsa de emprego na categoría de auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar, e a convocatoria do proceso selectivo; asemade, ordenou a súa publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica.

Por Resolución da Alcaldía 121/2026 do 19/05/2026 declarouse deserta a convocatoria e dispúxose a contratación excepcional a través da solicitude de oferta á Oficina de Emprego.

O proceso de selección tivo lugar os días 19, 20 e 21 de maio, segundo reflicte a acta emitida pola comisión seleccionadora, que se transcribe literalmente:

"(...) Á vista do anterior a comisión, por unanimidade, acorda propoñer ao alcalde a formación da bolsa de contratación das persoas aspirantes e pola orde seguinte:

N.º orde na bolsa	DATOS PERSOAIS	PUNTOS
1	MARIA ESPERANZA HERMIDA MORENO	47
2	ADELA DOMÍNGUEZ MARTÍNEZ	46
3	JUDIT OTERO CASTRO	40
4	UXÍA RIVEIROS PÉREZ	39
5	LORENA CARMUEGA COUCHEIRO	9

Polo que esta comisión da por finalizado o seu cometido de selección, danto conta do resultado da mesma ao Sr. Alcalde para que adopte a resolución que proceda."

Por Resolución da Alcaldía núm. 137/2026 de data 1 de xuño aprobouse a bolsa de emprego, formada polas aspirantes que superaron o proceso selectivo.

Consta informe da traballadora social responsable do SAF, Rosario Cal Dopico, emitido o 27/05/2026, que sinala:

"1.- ANTECEDENTES BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO, PARA AUXILIARES DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE COIRÓS. Expdte.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

2026/X998/000017 Publicada a Acta do proceso de selección para auxiliares SAF. Aprobada a bolsa de emprego correspondente, na que constan cinco aspirantes.

2.- XUSTIFICACIÓN DAS NECESIDADES PARA FACER OS CHAMAMENTOS Fundaméntase o chamamento para a contratación polas seguintes razóns: - Decremento das auxiliares en activo de once a sete (dende maio 2025), actualmente 4 en proceso de ILT. - Incremento de usuarios: O número de persoas que requiren atención domiciliaria aumentou (actualmente 33 dependentes con 886 h/m efectivamente prestadas e 9 libre concurrencia con 135 h, provocando unha lista de agarda (3 DPDCIA+1 valoración LC). - Situacións de Dependencia: É necesario garantir tódalas atencións persoais ás persoas dependentes para asegurar a súa permanencia no seu propio domicilio. Actualmente tres persoas en lista agarda SIGAD. - Prevención de Riscos: O servizo atende a persoas vulnerables, evitando a institucionalización prematura, o illamento social e situacións de abandono. - Insuficiencia de medios propios: O persoal actual de auxiliares é insuficiente para atender a intensidade recomendada nos plans de atención, tanto en atención diarialaborable, coma nas xornadas festivas, servizos todos eles de obrigado cumprimento na atención ás persoas recoñecidas como dependentes pola Xunta de Galicia.

3.- PROPOSTA Seguindo o indicado no punto 12.- apartado 2. das Bases, PROPONSE efectuar os chamamentos para a contratación do persoal necesario para reforzo global do servizo. Dous contratos a xornada completa.”

Consta informe de fiscalización previa da fase AD emitido pola Intervención en data 01/06/2026, en sentido favorable, con observacións.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Contratar a Judit Otero Castro (DNI ***6240**) como auxiliar de axuda no fogar, mediante contrato laboral temporal por circunstancias da produción (por circunstancias imprevisibles) para reforzo global do servizo, durante un período máximo de seis (6) meses, a xornada completa, sendo a data de inicio o 1 de xuño de 2026.

Segundo.- Notificar a presente resolución á interesada e publicala na sede electrónica municipal.

Terceiro.- Dar traslado aos servizos sociais municipais, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Quintela Requeijo. Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).